



**ATROZMENTE**  
**CON AMOR**  
OU UNHA CITA COA EXTINCIÓN

J. Estévez L.

# **ATROZMENTE CON AMOR**

**ou unha cita coa extinción**

**na pinacoteca  
exposición  
de  
versos pesimistas**

**j. estévez l.**

*¿Quién te ordenó pasar de la luz a la sombra?*

*-No todavía la muerte;*

*Solamente el fracaso de la vida"*

**ÁNGEL GONZÁLEZ**

**ENFOQUE  
PARA ATRAVESAR O MUTISMO  
DA MATERIA INERTE**

Arrastrado por un ataque  
de éxtase  
-o vento en contra-,  
tomo notas  
ás agachadas  
e fecundo  
os tambores de guerra  
que agroman  
na traxedia de apodrecer  
a cada intre.

Inesperadamente  
cómodo no papel,  
non apago o motor  
e pernocto  
nos meus parásitos  
coa coherencia  
de quen non contempla  
compromisos  
nin lexitimacións  
para respirar...  
mentres as incógnitas  
sincronicen  
perenne asombro diáfono,  
mínimas razóns para vivir.

## **DAR O PASO**

**Teño unha importante cita  
no túnel das améndoas amargas.**

**Para descifrar a cadencia  
do saqueo.**

**E ben sei da súa mínima  
iluminación.**

**Debo acabar  
o cometido  
con prestreza.**

**E comparecer ante a distancia  
para ver de cohabitar  
co non retorno  
nas colleitas da árbore seca.**

**Difícil labor.**

**O contubernio dos anos.**

## A LUZ NON BORRA OS POUSOS

Vivo por vivir  
-cereixa sen primavera-  
engurrado  
no prólogo do estupor.

Vivo sentado nos enigmas,  
na parcela dos incisos  
e saúdo de lonxe  
aos indultos que non chegan.

O lector de sobra sabe  
que a morte non está de vacacións.

O catálogo de ausencias  
aumenta a súa lista  
coa chegada de cada orballo,  
encarecendo a filosofía,  
a reflexión ponderada  
e reparadora.

## A FIN DE CONTAS

O teatro baleiro.

O actor fracasou  
estrepitosamente  
na interpretación  
da súa propia peza.

Aparta  
do peito  
o escabroso rumor  
da deserción,  
baixa o pano  
(os ollos extraviados),  
liquida o horizonte  
e regresa lentamente  
ao misterio  
dos porqués, paraqués, etecés.

**SEMPRE PODE QUEDAR  
O RECORDO DO QUE SE FOI**

**Unha poza de suplementos  
trae recordos de lavanda  
nun vendaval de flores malabar  
para seres que non se aman.**

**O diálogo, nesta ocasión,  
modela a desilusión  
de miles de quilómetros  
e non quere saber nada  
de chapuzas malvadas  
para non vivir só  
no edén das lembranzas.**

- **¡Ámame, idiota! –a morte.**
- **Maxistral estulticia.**

## **CORRER CARA NINGURES**

**Distintas voces de adobe  
na garganta do alzheimer  
aloumiñan ausencias  
con prudencia e...  
non hai nada que facer,  
nada que adxectivar.**

**Cos anos reverenciamos  
as periferias involutivas,  
as intrusionés absurdas,  
o “acabouse o conto”,  
a prolepse das afliccións.**

## O VELLO INSOMNIO DESBÓCASE

Repudio o acoso  
dos ombros caídos,  
das ameixas indolentes,  
dos recados para rectificar  
os propósitos. Aínda  
queda un futuro no paraíso  
da reputación, esa vítima  
que non fala comigo.

Procrear bandeiras contaxia.

## AMARRADO POLA FURIA

De lupanar en lupanar  
para esquecerte,  
zoupón como azucre  
nunha taza de café  
frívolo,  
como un bacilo  
no corazón dun poema de amor.

O embuste  
chama por teléfono  
á máquina de cocer  
cicatrices nun xogo  
que leva á oficina  
de alindar tumores.

**PALABRAS  
COMO ESTATUAS**

**Os fogosos  
valentes  
saben descolgar  
da ousadía  
as vinganzas  
que premian  
a nostalxia  
das meixelas.**

**Nos miradoiros  
atenta  
a tentación  
recibe  
as comitivas  
da adulación  
destilando  
a suspicacia.**

**Alguen vive, vivo.**

**Afán.**

**Disposto a viaxar co posto.**

**Lixeiro de equipaxe.**

**Alguen vive, vivo  
debaixo do paraugas,  
remoendo o milagre  
da coartada perfecta.**

**Afásico.**

**Alguen vive,  
xordo ás sospeitas  
para non espantar a luz.**

**E para non pechar a porta.**

**OS ANOS  
NON SE FAN DE ROGAR,  
XAORA.**

O meu brumoso  
retrato  
agarda confiado  
a vellez,  
agazapado  
no obsesivo  
breviario de tristezas,  
especulando.

No escaparate,  
consternado  
o aroma  
das mirras  
cruza  
a estancia con sixilo.

QUE PASE A PROFECÍA,  
QUE ENTRE.

Coa prudencia alisada  
na raia  
dun domingo pola tarde,  
un deses moitos domingos  
que dormen na abstemia,  
coma efixies conxeladas,  
fico na treboada.

Coa prudencia  
como compañeira de viaxe  
¿cara onde esmorecemos...?

A esperanza  
é a patria dos pobres,  
disque.

E A VIDA  
LIXEIRO VOO DE AVE  
REGRESANDO AO NIÑO  
DA INACCIÓN.

## GOLPE DE ESCAMOTEO

A permanencia  
na beleza, inverosímil,  
lánguida,  
un romance do corpo  
coa feraz imaxinación,  
trampa de celuloide  
na ignición  
prometedora  
de interludios  
de supervivencia.

Pura bohemia,  
elaborado pacto  
de evanescentes  
vibracións.

A nave non partíu,  
aínda hai tempo  
para urdir,  
para repostar metáforas  
que nos salven,  
amuletos  
apalpando  
a piedade da néboa...  
da triste néboa  
que oculta o patético destino:  
unha man diante, outra detrás.

REVERBERAN OS OLLOS  
NA PULCRA E INSÓLITA  
DOR QUE NOS IMPUXERON.

Bucólica mordacidade.

## COMPARTO A SORPRESA

Se tes ou tiveches  
unha esperanza,  
desfaite dela,  
escáchaa.

Estorba na rebaixa  
cara ningures  
que emprendiches.

A trepidante razzia  
fabrica entrañas amargas.

Non merece  
a pena a reportaxe  
da carne,  
nin a conversación  
do enterrador  
¡que diante!  
nin a escolta  
relaxante  
de espellismos.

## **EQUILIBRIO DAS PAREDES QUE EXSUDAN XEMIDOS**

**¡Ai sepultureiro,  
no que desemboca  
a caída dos anos:  
vésperas de nada!**

**A explosión da impotencia.**

**O colapso na campa.**

**Declina a resistencia,  
o imperio estala  
no soliloquio.**

**Prospera o silencio  
no espazo impávido  
que sobrevive.**

**A furia do optimismo,  
a furia que furta  
a usura da nada,  
que explosiona  
nos sismógrafos,  
as alforxas baleiras.**

## **ACORDEI TARDE PARA ALUGAR**

**Anda ceibe.**

**A epidemia.**

**Altiva.**

**Reconstrúe vertexes.**

**E non hai regreso.**

**Epidemia de fendas.**

**Na fronteira do tempo.**

**Anda ceibe e reconstrúe  
os cántidos do pánico.**

**Vetustos.**

**De porta en porta  
detesta os retrasos  
dos que piden auxilio  
mar adentro para vadear  
os berros dos incapaces,  
de retorcer as inclemencias.**

## UNHA BATIDA

Tapar as evidencias  
que deixan espazos abertos  
e fan saltar as alarmas...  
asfaltar o ridículo, afiar  
o perfil do resentimento  
que agacha as figuras  
extraviadas nos privilexios  
das alcobas circulares  
que nos asfixian...  
e protestar  
non é unha tarefa fácil.

Vixía a vellez,  
na cuncha,  
vixía e arrecia  
a conversa co insomnio  
que aguilloa.

Despeza.

Decapita  
a semente indomable  
e incorpora  
o hábito da inexistencia,  
o eclipse.

A condición que levamos dentro,  
disolta na bruma da resignación.

Concedámonos o dereito  
a un discreto suicidio  
nos abismos,  
a clausura da confusa memoria  
nos fragmentos en desbandada.

## **VOZ DE ALARMA**

**Ante os desplantes  
limpar o expediente  
de torpes claridades  
e de incertos símbolos.  
Antes de que as gadañas  
escriban os epitafios.**

**As fauces do veneno.**

**Para non deformar  
os discursos da retirada.**

**Vivir tranquilos e preparados  
para non ser uns estraños  
en todos os fríos tránsitos  
das longas madrugadas.**

**ARDEN OS DÍAS  
A UNHA VELOCIDADE**

**Morden.**

**Mínimas as cinzas  
convocadas pola memoria,  
no marasmo.**

**Amor e morte.**

**Sen rumbo posible,  
o abandono das palabras  
como un fardel caduco.**

**¡Herdanza tan lixeira  
para repetir por horas!**

*“He hablado con la muerte por teléfono  
y he recibido e-mails de amor que se borraron  
sin dejar una lágrima de papel amarillo.  
Nadie olvide los tiempos, pero nadie se engañe:  
al final sólo importan el amor y la muerte.”*

**LUIS GARCÍA MONTERO**

## **NUTRINDO A SENECTUDE**

**A inmensa e colectiva respiración  
que ansía a permanencia  
das metáforas, na sala de máquinas  
a beleza sen cheiro a ridículos  
letargos.**

**A respiración  
nun concerto de pinceladas,  
as trampas  
ensaiando.**

**Un cadro.**

## **DESASTRE NO MEU ROSTRO**

**Expectación.**

**O lixo repatriado.**

**A traxedia  
que viaxa  
sen luxuria  
nas maletas.**

**Un castigo.**

**Contra os acantilados,  
a canción deshabitada.**

**Un alfinete.**

**Acusado de excesos  
e  
carente de licenza.**

## ESTRONDO NO FÓSIL

As carnes frías,  
atravesadas  
pola espada  
da fatiga.

Protestan.

Protestan e descifran  
a mecánica da diverxencia.

As carnes frías.

Retorcen  
a indolencia  
e resucitan  
lanzas de aceiro,  
a incompreensión  
que inhabilita.

Untan con cuspe.

**AS AZAS NON REMONTAN**

**A memoria, fráxil  
como pupilas sen luz.**

**CRUZAREMOS AS AUDITORÍAS  
COMA PEIXE NA AUGA**

**Os meus recordos  
nas fotos  
mordidas polo sol,  
refuxiándose dos egotismos  
pero tamén  
subministrando  
océanos de adxectivos  
para non corromperse  
nas caixas de cartón.**

**LONXE AS RAPAZAS E RAPACES  
ESCULTURAIS DOS ANUNCIOS**

**O canto interminable  
do teu perfume  
que me persigue,  
o recendo inapreixable  
da felicidade,  
confirman que a ficción  
é ave branca danzando  
no esquivo límite  
das palabras  
que si deixan rastro.**

## **MENTRES A PEL MEDRA**

**Comodamente sentado  
nos teus versos  
vexo emigrar as páxinas  
da miña biografía,  
mortal gozo, fugaz  
melancolía, grata  
complicidade  
no deserto da miña vida,  
ese libro por escribir.**

**ACOLLER A ARQUITECTURA  
DA CHUVIA NOS BOSQUES**

**A este hora  
de verbos mecidos  
por mans  
que adiviñan xeografías  
de confusas pontes,  
estou en fóra de xogo...  
no crepúsculo de arrabalde,  
sen oficio.**

## **A DOENZA ESGAZA AS VAIDADES**

**Descubro o descarte nos teus ollos.**

**Perturbado.**

**A aprehensión**

**transeúnte peregrina polos mostradores...**

**Comparezo no mercado**

**para pechar o nocivo trato,**

**malversadas todas as posibilidades.**

## A MARXE DA SORDIDEZ

Viaxo na dorna da tarde  
por unha praia de tristeza,  
cortesía do teu polinizado  
sorriso de plástico.

Viaxo,  
aquí,  
en Lugo,  
nun mar que pontifica  
recreacións de hipocondría  
e regresan fatigados  
os anos  
ao teu fermoso rostro ausente,  
queimando a luz adolescente  
involucrada no teu nome.

**SEN DAR CABIDA  
Á PRIMEIRA OPCIÓN**

**A discordia  
refuxiada no crecemento cero.**

**Na toma de contacto.**

**Consolidada como referencia  
das primeiras trabas.**

**Intercambio de contratempos,  
apostasía.**

**No reparto.**

**Blindadas as fronteiras,  
a crise das opcións...  
... tamén eu quería, pero.**

## **CREDENCIAIS DA EXPECTACIÓN**

**Coma unha moda.**

**Mestura de traumas.**

**A hecatombe  
ama da casa.**

**As preguntas sen resposta.**

**Migallas de calafríos.**

**O fío conductor  
non exento de polémica.**

**Na superficie.**

**Retorcido  
extirpar os dramas.**

**Soterrar os pretextos  
na súa versión corrosiva  
para que non levanten cabeza.**

**Todo por non calzar as botas  
e botar a camiñar para gozar.**

## **CANDO O PRAZO EXPIRA**

**Cando o prazo expira  
entendo que o máis acertado  
é activar todas as alarmas,  
o permanente estado de vixilia.**

**A última elección e lección.**

**Antes de ser excluídos  
da vida,  
interinos que somos  
(e máis cando os anos  
apreman),  
cursar a definitiva petición  
de admisión á proba  
selectiva  
para descifrar a infinita  
soidade que enreda  
no verniz das nosas mans.**

**CERTAMENTE**

**Ese día chegará.**

**Ensaíeno.**

**Arrisqueime  
a percorrer os vestixios,  
a interpretar as mareas  
do tempo da opulencia.**

**Levantando unha poeira  
para perderme  
e nunca máis regresar.**

**Certamente.  
A contaminación.**

## ATERECE A ROUPA INTERIOR

E os parásitos.

A data, atroz ritual  
de todos, en todos e para todos  
que proscribe a calor dos rostros.

A páxina rota.

Esa perversa artesán,  
experta en esfarelar  
os amenceres que se nos van  
das mans, infame artesán  
que rompe o curso dos nosos días.

A páxina rota  
que con descaro  
eclipsa  
o amor á vida.

## **A PODA DEPREDADORA**

**O desprósito galopa  
nos cranios,  
esculpe  
excelentes ruínas en tránsito.**

**Unha colección de atropelos  
rabuña como maleza as agonías.**

**Encrespados.**

**Os atropelos.**

**E un monólogo en procesión  
amolece o fracaso vital  
nos oxidados espellos  
de funeral en funeral.**

## CANDO XA É TARDE

Aprendín dos caprichos da noite  
nos meus suicidios diarios  
e sei dos caprichos que furan  
as miñas entrañas  
no baleiro das tardes  
cando se apaga a luz...  
pero xa é tarde.

Bebo a grandes tragos  
o tempo que succiona  
e abrocho as ilusións  
agochado como estou  
na fronteira da desesperación,  
pero.

## O PULSO DO FRACASO

**Non hai tempo,  
simplemente non hai:  
a rocha desintégrese.**

**E os fragmentos.**

**ATROZMENTE CON AMOR  
ou unha cita coa extinción.**

¿Que podo eu escribir,  
que poemas despois dos diamantes  
de Méndez Ferrín, de Celso Emilio...?  
¿Talvez loar o xentil esmalte do estado  
de graza das lareiras? ¿Talvez o xenocida  
enxoval da arterioesclerose? ¿Os sacrificios  
de balde a un deus atrofiado que subhasta  
con desdén bisutería no parnaso? Caracoleo  
para seducir o abismo dos cemiterios,  
da memoria os peitos varados na trama,  
nos cuadriláteros caracoleo, depuradas  
as murallas do medo, os eloxios levedando  
nas veas. Mais o misterio do resplandor  
asusta, asusta a información privilexiada  
e pido auxilio ao Ennio Morricone da banda  
sonora de Sacco e Vanzetti (Speranza di libertá),  
abeiro a Annie Lennox (Ladies of the Canyon)...  
¿Que podo eu escribir no decorado,  
que poemas, dime, que poemas  
despois de Méndez Ferrín, de Celso Emilio?  
Cultivo na páxina excentricidades e ti musitas  
as inconveniencias transubstancia mosaicos  
en transgresións... son un can de palleiro, meu amor.  
Pinga a pinga cursa o meu sinsentido: infancia,  
estupor, derrota, cinza... Talvez nacionalismo -digo,  
palabra ou sentenza que fulmina o fervor  
ao vivir na mitificación, galiza, galiza, galiza,  
talvez independencia ou mística órbita  
en ignotas liberdades, talvez o lamento enrodela  
o meigallo no limiar -dis, e a balanza manobra  
a favor dos excesos. Talvez medren na nostalxia  
miradas como lama estabulada en top-less

e non hai respostas diáfanas -digo. O meu corpo  
non afronta a intemperie sen o teu corpo  
e a voráxine do xineceo esgaza as pestanas.  
Sen ti non sei respirar e non hai preguntas  
no horizonte para o silencio no que habitas,  
pero eu preciso nomearte, sequera a ráfagas,  
no parto das palabras, no tránsito das siluetas,  
como un berro contra a fame. Renego do cáliz  
ateigado de ausencias que devoran o teu rostro.  
A outra face do espectáculo trafica con oxidados  
rumores, os anos negan a luz e o pan da artesa,  
os asubíos conxelan no laboratorio as caricias  
e sen aviso previo as sombras, en taxi,  
organizan a operación de asalto. Masturbo  
o pavor dos ósos á ruína, disc-jockey do húmido  
espanto que deixo en herdanza... Non hai horas  
de descanso nin manuais inocuos de clemencia  
no campo aberto da decadencia  
que incendia con man de ferro o paso do tempo,  
ese usuario que non sei como evitar.  
¿Que poema podó eu escribir, amor,  
que poema despois dos diamantes  
de Méndez Ferrín ou de Celso Emilio...?